

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE DECEMBRO DE 2016**

**FAVORABLES.-**

**LIC/1011/2016.- GALICIA HOTELES S.L.-** Conceder licenza para a instalación dun ascensor na Avda. Rosalía de Castro nº 98

**LIC/480/2016.-MANUEL RICARDO PARADELA ARADAS.-** Conceder licenza para a legalización e reforma de vivenda unifamiliar en Rueiro das Figueiriñas nº 42.

**LAP/86/2011.-JOSÉ SILVA CAMBEIRO.-** Conceder licenza de obras de acondicionamento e ampliación de local destinado a Café-Bar na Rúa Santa Clara nº 13.

**LIC/1448/2016.-GALIVIVENDA S, COOPERATIVA.-** Conceder licenza de obras para a construción de edificio de 6 vivendas protexidas de rexime xeral, local comercial, trasteiros e prazas de garaxe na Rúa da Estrada nº 93.

**LIC/974/2016.- MARÍA LUISA GIL NIETO.-** Conceder licenza de obras para a substitución de cuberta e fiestras na Rúa de Vista Alegre nº 183.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á concesión de licenza para a instalación dun ascensor na Avda. Rosalía de Castro nº 98. LIC/1011/2016.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á concesión de licenza para a legalización e reforma de vivenda unifamiliar en Rueiro das Figueiriñas nº 42. LIC/480/2016.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á concesión de licenza de obras de acondicionamento e ampliación de local destinado a Café-Bar na Rúa Santa Clara nº 13. LAP/86/2011.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á concesión de licenza de obras para a construción de edificio de 6 vivendas protexidas de réxime xeral, local comercial, trasteiros e prazas de garaxe na Rúa da Estrada nº 93. LIC/1448/2016.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á concesión de licenza de obras para a substitución de cuberta e fiestras na Rúa de Vista Alegre nº 183. LIC/974/2016.** Apróbase a proposta.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á execución da sentenza núm. 209/2013 recaída no P.O. 539/2011 (EJD 11/2016) do número 22 da rúa da Queimada.** Apróbase a proposta.

**8.- Recoñecementos de obrigas.** Apróbase a proposta.

**9.- Recoñecemento extraxudicial de crédito.** Apróbase a proposta.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa a dar conta da resolución definitiva de concesión da subvención correspondente á convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais 2016.** Dase conta da concesión da subvención concedida pola Deputación da Coruña, por un importe de 10.000 euros.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación da conta xustificativa do Convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros de ensino público non universitario: CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Cardeal Quiroga Palacios, CEIP Roxos-Villestro, CEIP Monte dos Postes, CEIP Mestre Rodríguez Xixirei, CEIP Fontiñas, CEIP Vite I e CEIP Raíña Fabiola, durante o período escolar de 12 setembro, ao 30 outubro de 2016. Apróbase a citada conta xustificativa, por un importe de 19.551,2 euros.**

**12.- Proposta da concelleira delegada de Acción cultural relativa á aprobación da xustificación e pagamento da subvención nominativa á Asociación Cultural e Musical Solfa. Apróbase a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación Cultural e Musical Solfa, por un importe de 3.000 euros.**

**13.- Proposta da concelleira delegada de Acción cultural relativa á aprobación da xustificación e pagamento da subvención nominativa á Asociación Cultural Rocha Forte. Apróbase a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación Cultural Rocha Forte, por un importe de 3.000 euros.**

**14.- Proposta da concelleira delegada de Acción cultural relativa á aprobación da xustificación e pagamento da subvención nominativa ao Grupo de baile e música tradicionais Brincadeira. Apróbase a xustificación e pagamento da subvención nominativa a Brincadeira, por un importe de 3.500 euros.**

**15.- Proposta da Alcaldía relativa a dar conta da sinatura dos seguintes convenios culturais entre o Concello de Santiago de Compostela e Sala Capitol, Agrupación folclórica Cantigas e Agarimos, Obradoiro de Cultura Tradicional Ulltreia, e Asociación cultural e folclórica Colexiata de Sar. Dase conta da sinatura dos convenios culturais coa Sala Capitol (12.000 euros), Cantigas e Agarimos (3.500 euros), Ulltreia (3.500 euros) e Colexiata de Sar (3.500 euros)**

**16.- Proposta da Alcaldía relativa á delegación de competencias da Xunta de Goberno no concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia. Apróbase ampliar a delegación de competencias acordadas na Xunta de Goberno do 2 do 12 de 2016 no concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, delegándose neste concelleiro:**

**\_A competencia no que respecta a concesións e autorizacións para o aproveitamento especial dos bens de dominio público así como o seu uso privativo, cando a ocupación se efectúe unicamente con instalacións desmontables ou bens mobles e cunha duración ou uso non superior a un ano, nas materias correspondentes á concellería delegada de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade.**

**\_A competencia no que respecta ás autorizacións e cesión de uso de bens municipais outorgadas en precario, así como a competencia para formular solicitudes de cesións de bens a favor do Concello, nas materias correspondentes á concellería delegada de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade.**

**17.- Proposta da Alcaldía relativa a cambio de representante de Compostela Aberta no Consello de Administración do Auditorio de Galicia. Apróbase a proposta.**

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal relativa á adxudicación do contrato do Servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal no Concello de Santiago. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa Servicios Gallegos de Lacería SL, por un importe de 36.989 euros/ano, IVE aparte de 7.767,69 euros.**

**2.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á adxudicación do contrato Concesión administrativa do uso privativo e nominal do dominio público dos locais da nave 5 da Praza de Abastos. Adxudícase a concesión do uso privativo do posto nº 8 da Nave 5 da Praza de Abastos a D. Antonio Saavedra Carregal, que oferta un canon a abonar ao Concello de 18.037 euros.**

**3.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal relativa á aprobación dunha modificación na programación de actividades resultantes dos orzamentos participativos. Acórdase suspender a actividade “2 minutos en bus”, e destinar o**

orçamento que tiña destinado á reedición de dúas das actividades máis votadas: o programa de lecer nocturno Boas Noites (cunha edición especial de Nadal), e os encontros musicais para os grupos e músicos locais.

**4.-Dar conta do convenio asinado entre o Concello de Santiago e a Universidade de Santiago para a realización de actividades con motivo do fomento da memoria democrática e a lembranza do golpe de Estado de 1936.** Dase conta do convenio de colaboración, que supón unha achega do Concello de 18.000 euros.

**5.-Proposta da Alcaldía relativa ao nomeamento de representante no Museo do Pobo Galego.** Acórdase nomear a Manuel Dios.